

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO SEGUNDO EJERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E DE PROMOCIÓN INTERNA, NO CORPO DE XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A2, ESCALA DE ORIENTACIÓN LABORAL.

En sesión que tivo lugar o 13 de febreiro de 2025, o tribunal nomeado pola Resolución do 30 de setembro de 2024 (DOG núm. 191, do 3 de outubro), pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso, polas quendas de acceso libre e de promoción interna, no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de orientación laboral, acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do segundo exercicio do proceso selectivo, de conformidade coa base II.1.1.2 da convocatoria.

1. CUESTIÓN XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA

As persoas aspirantes deberán desenvolver por escrito un (1) tema, que se elixirá entre tres (3) obtidos mediante sorteo de entre os que figuran na parte específica do programa.

O exercicio terá unha duración máxima de cento e vinte (120) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte e cinco (25 puntos). Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima.

O tribunal cualificará este exercicio valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita.

2. DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA E NÚMERO DE APROBADOS

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o Tribunal acordou:

1º O tema terá unha valoración máxima de 50 puntos. Para superar o exercicio será necesario obter un mínimo de 25 puntos.

2º Para a valoración dos exercicios, de acordo co artigo 60 das Instrucións de funcionamento dos tribunais, a cualificación de cada aspirante determinarase, logo do intercambio de opinións e valoracións por parte dos integrantes do tribunal, calculando as notas que correspondan a cada exercicio en función das cualificacións outorgadas por cada un dos membros daquel, excluindo as notas máis alta e máis baixa, sendo a nota final da persoa aspirante a media aritmética das notas válidas non excluídas.

3º Para cada un dos temas valoraranse os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, consonte o establecido na base II.1.1.2 da convocatoria.

Con relación aos coñecementos valorarase que o material e fontes de información dos contidos dos temas estean actualizados de conformidade coa base II.1 da convocatoria e que a súa exposición se faga cunha redacción clara, ordenada e



rigorosa. Valorarase tamén que o conxunto do exercicio estea equilibrado, completo e compensado no seu contido.

4º O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos. Superarán o segundo exercicio as persoas aspirantes que, logo da valoración segundo o indicado no apartado anterior, acaden unha cualificación final do exercicio igual ou superior a 25 puntos.

Vigo, na data da súa sinatura electrónica.

Ana María Freire Rego

Presidenta do tribunal

Asinado por: FREIRE REGO, ANA MARIA
Cargo: Presidenta do tribunal
Data e hora: 14/02/2025 12:08:52

CVE: Hc8emGX7sIM1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

